

Xabier P. DoCampo será recoñecido pola AELG coa homenaxe 'O escritor na súa terra'

Montse Dopico 16/06/2014



Xabier P. DoCampo

Xabier P. DoCampo será este ano o autor recoñecido coa homenaxe 'O Escritor na súa Terra', impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Desde hai 20 anos, un autor ou autora do país é honrado na súa terra de orixe, nunha celebración que consiste na entrega do galardón Letra E de escritor/a -unha peza escultórica de Silverio Rivas-, a plantación dunha árbore, a colocación dun monólito e a atribución do nome do homenaxeado a un espazo público. Desta volta será en Castro Ribeiras de Lea, o sábado 21 de xuño.

PROGRAMA DE ACTOS

- 11:30 h. Casa da Cultura de Castro Ribeiras de Lea (Avenida da Terra Cha, 17).
Descubrimento do Monólito conmemorativo e plantación da cerdeira (árbore simbólica do escritor).
Interveñen:
•Cesáreo Sánchez, Presidente da AELG.
•Francisco Xosé Fernández Montes, Alcalde de Rábade.
•Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde de Castro de Rei.
•Xabier P. DoCampo.

Descubrimento da placa que atribúe o nome do homenaxeado á avenida (Avda. Xabier P. DoCampo).

Acto de entrega da "Letra E" (Casa da Cultura de Castro Ribeiras de Lea).
Interveñen:
•Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde de Castro de Rei.
•Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG.
•Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG.

•Agustín Fernández Paz: Laudatio.

Entrega da peza escultórica do artista Silverio Rivas.

•Intervención do homenaxeado: Resposta á laudatio por parte de Xabier P. DoCampo.

- 14:00 h. Xantar de confraternidade. Restaurante Río Lea (Avenida da Terra Cha, 54).

Aberto aos/as socios/as da AELG, á veciñanza de Castro de Rei e demais persoas interesadas. É preciso confirmar asistencia, até o 17 de xuño –inclusive–, en oficina@aelg.org ou 981 133 233, de luns a venres, de 09:00 a 14:30 h.

Sobre a autora



Montse Dopico

M_ é un Magazine cultural galego realizado por Montse Dopico, xornalista cultural que escribe, na actualidade, en Praza Pública, Luzes e Faro de Vigo.

Anteriormente ten traballado para diferentes medios como Galicia Hoxe, El País ou El Mundo.